

CASTELAO: PRIMEIRAS CARICATURAS

CLODIO GONZALEZ PEREZ
Museo do Pobo Galego

Cando ó longo destas liñas falamos de "caricaturas" tan só nos referimos a aquelas representacións -sexan en plan humorístico ou non- de persoaxes reais e coñecidos, non anónimos. Si é certo que os máis deles -coma os de calquera artista- proceden do natural, pero neses casos non podemos sabe-la súa interpretación plástica para capta-la fisonomía do caricaturizado.

Denominamos "primeiras caricaturas" a tódalas que fixo dende o intre en que empezou a debuxar, en que se enceta a súa traxectoria artística, ata o mes de xullo de 1910, en que despóis de cursa-lo doctorado en Madrid decide exercer-la medicina no seu pobo natal de Rianxo. Este último feito marca o comenzo da "etapa rianxeira" que tan ben leva estudado o amigo Xosé Antonio Durán, e na que non imos entrar agora.

Os primeiros trazos

Núñez Búa afirma que xa antes de se ir para a Arxentina, na escola rianxeira que rexentaba D. Xosé "O Toco", debuxaba barcos e mariñeiros, entre outras cousas (1). O anormal sería que non o fixese tendo en conta que o mar era o principal protagonista, xa que del vivían -directa ou indirectamente- tódolos veciños. Por iso esta nota non vai máis aló da anécdota.

En 1895 ou 96, pois nesta data aínda non se puxeron de acordo os seus biógrafos (2), nai e fillo deixan Rianxo e vanse para a Arxentina, a carón do pai que xa se atopaba alí establecido na Pampa, no lugar de "La Cruz Colorada" (Bernasconi), para onde fora uns anos antes. Foi nesta tempada, entre a ida e a volta en 1900, cando despertou -segundo parece- no futuro artista a vocación e o gusto pola caricatura e polo debuxo en xeral, dende que tivo nas súas mans *Caras y Carretas*, a varil publicación bonaerense que dirixía o "pai da caricatura arxentina", o galego Xosé María Cao (que tamén firmaba algunhas veces *Demócrito II*). E non tan só nas terras americanas, senón que tamén a Rianxo lle chegaban exemplares

(1) Xosé Núñez Búa, *Vida e paixón de Castelao*, p. 16.

(2) J.A. Durán (*El primer Castelao*, p. 302), e Valentín Paz-Andrade (*Castelao na luz e na sombra*, p. 148) din no 1895; mentres que Ramón Baltar Domínguez (*Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte*, p. 19), afirma que foi o ano seguinte.

desta publicación e de outras (3). Por ela sentiu ó longo da vida grande estima, amosándoa ó merca-la cabeceira -por certo que xa deixara moitos anos antes de ser aquela que tanto o enchoíra na nenez- pouco antes do pasamento.

Establecida de novo a familia en Rianxo, recibe clases particulares de debuxo da man de María Dios, na Proba do Caramiñal, segundo lle contou Fernández Mato a Xosé A. Durán (4). Pero o 29 de setembro de 1900 aproba o ingreso do bacharelato, que remataría como un lóstrego o 31 de agosto de 1903, data en que lle foi outorgado o título de "bacharel en artes".

É agora cando se enceta realmente a "etapa compostelana" de Castelao -como en xuño de 1910 empezará a rianxeira-, no intre en que ingresa na facultade de Medicina. Anos excepcionais da súa biografía en tódolos aspectos, e máis no que a nós nos interesa agora, que non é outro que a súa faceta de caricato. En isto concordan tódolos que se levan adicado a estuda-la súa vida, ó sinalar que foi en Santiago de Compostela onde se empezou a dar a coñecer como debuxante, en particular humorístico. Anos despois -en 1926- escribía Xaquín Pesqueira lembrando aquela época estudiantil: "Sus primeros dibujos datan de entonces. Se reducían a ridiculizar a los profesores de la Universidad, a los canónigos del Cabildo y a las costumbres morigeradas de la vieja ciudad apostólica" (5).

E o mesmo veñen a dici-los demáis testemuñado polo protagonista en *Algo acerca de la caricatura*, conferencia repetida en diferentes poboacións e publicada en Pontevedra arredor de 1917, na que expuxo os seus ideais estéticos encol desta xeira da arte: "Cuando yo estudiaba en Compostela, mi patrona, que virtualmente poseía un gran talento, si bien nunca se salió de guisar mal y de prisa -para estudiantes-, gustaba de curiosear en mi habitación para regocijarse con mis caricaturas, y siempre al llegar de clase, con la cabeza vacía y el estómago lleno de dolor de hambre, doña Angelita tomaba pretexto en lo que había visto para retrasarme la hora santa del yantar. ¡Ay qué bien le está Romero Donallo! ¡Aquel coloríño cativo es el del, talmente! ¿Lo hizo ayer, no sí? La que no me gusta es aquella otra -y no le entiendo patata-, pero mismo parecen garabatos" (6).

Non fallan anécdotas estudiantís vencelladas coa caricatura. Sen dúbida a máis sonada é a que o mesmo interesado lle contou a Fernán Pérez en 1912, que coidamos debe ser coñecida por todos cantos nos adicamos a estes temperáns anos do artista. Eis as súas palabras:

"-Yo tengo dos grandes cariños en la vida: primero la caricatura, luego la Medicina; pero de ésta me gusta más estudiarla que ejercerla. Yo soy muy apasionado por la Anatomía, la estudié con verdadero entusiasmo; pero en cambio no puedo ver la histología ni la anatomía patológica. Me han suspendido varias veces: ¡claro!, me pasaba la vida haciendo caricaturas.

Esta distracción mía me ha proporcionado muchos disgustos durante mi vida de estudiante. Verá usted. Había hecho yo un grupo con todos los profesores, y en medio pinté un bicho monstruoso que representaba la enfermedad a la que atacaba cada uno con la terapéutica

(3) L. Seoane, *Castelao artista*, p. 28.

(4) J.A. Durán, *op. cit.*, p. 94.

(5) "Castelao y el humorismo gallego", *Faro de Vigo*, 16-V-1926.

(6) Imprenta viuda de Landín, Pontevedra, s.a. (1917?), pp. 20-21.

que más frecuentemente utilizan; los cirujanos con las armas que constituyen su instrumental, los médicos arrojándole medicamentos, inyecciones, etc.; pero había un catedrático que era muy beato, y a éste le puse un crucifijo en la mano izquierda y con la derecha señalando al monstruo.

Fui tan irónico con él porque yo estudiaba otro turno de su asignatura y, por consiguiente, no tenía él que examinarme; pero un malhadado suspenso hizo que fuera a parar a sus manos, y el primer día de clase, al pasar lista, se para al nombrarme y dice:

-¿El señor Rodríguez Castelao?

-Servidor.

-¿Usted es Castelao?

-Sí, señor.

-¡¡¡Bueno!!!, pues siéntese usted que ya hablaremos.

Huelga decir que me entró un miedo fenomenal.

Ya próximo a los exámenes me dediqué a la busca y captura de una eficaz recomendación, pero... no la encontraba por ninguna parte, hasta que por fin se me ocurrió una idea verdaderamente diabólica.

Este señor se había casado en terceras nupcias con la oficiala de mi zapatero, con el que yo tenía una confianza extraordinaria. Me voy a verle y le digo:

-Mira, me tengo que examinar con don Fulano.

-¡Ah, pues te suspende!, porque te tiene una hinchita que no te puede ver.

-Pues a eso vengo, a que tú me recomiendes, y te voy a decir cómo: cuando él venga le dices que yo soy un golfo, un perdido, un sinvergüenza, me pones como chupa de dómine; que a mí no me importa que me suspendan, porque al fin y al cabo no voy a vivir de la carrera; pero luego agregas: "y su pobre madre me ha escrito rogándome que le recomiende, porque si le suspendiese usted sería un golpe terrible para ella". Esta tecla sensible es de un resultado eficaz. Me consta.

En efecto, el buen señor picó y no me dejó decir nada en el examen; él se lo decía todo y a mí me preguntaba:

-¿Verdad que es eso?

-Sí, señor.

-¡Sí, usted lo sabe muy bien!" (7).

Pero tamén foi durante a tempada estudiantil cando empezou a sona-lo seu nome -mellor dito, o apelido materno- como caricato dentro e fóra de Compos-tela, ó facer espectáculo artístico cara ó público entusiasmado pola calidade e rapidez con que "retrataba" ós políticos e ós intelectuais. El mesmo o deixou dito na mencionada entrevista con Fernán Pérez: "Yo iba con todas las tunas estudiantiles para hacer caricaturas en los escenarios; últimamente estuve en Lisboa, y era raro el acompañante que no tenía una caricatura hecha por mí". Era verdade que ía con tódalas tunas, pois ademáis da súa de Medicina tamén soía acompañar ás de outras facultades que solicitaban a presenza deste tuno "outo e garboso", como di Núñez Búa (8), e aínda despóis de rematada a carreira, (curso 1910-11), foi a Pontevedra e a Ourense sobresaíndo no fato, segundo palabras de Eduardo

(7) "Castelao, médico y caricaturista", *España Médica*, Madrid, abril de 1912.

(8) *Op. cit.*, p. 19.

Blanco Amor -testemuña ocular- "uno alto, delgado, desgarbado, con lentes. Sonreía con cierta sorna, jugaba a la timidez y llevaba el emblema de los que iban para médicos. Nos dijo que tocaba la guitarra, pero más bien de "pega", para bulto, y que lo que hacía menos mal era dibujar..." (9). Así seguiu actuando nas demáis saídas, e poucos anos despóis ó da-la conferencia *Algo acerca de la caricatura*, en Vigo (1911), Ourense (1912), Madrid (1915), Pontevedra (1916), ... e *Momento de Arte*, no balneario de Mondariz (1913): "Seus tipos caricaturescos, -escribía Otero Pedayo- os primeiros os levados polo mundo nas tunas escolares cunha mesturanza de risa e amor, son esquemas composteláns ou figurados pé da taza de tinto na Raña, e sentidos no decorrer dos soportais. Son Montero Ríos, Carracido, Murguía, Doña Emilia, o groso tinqué do abade de Salomé, o longo Casares" (10).

Anos interesantes aínda que non se teñan parado a estudalos detidamente, de excepcional importancia na vida artística de Castelao, pois foi cando callou a súa vocación e deuse a coñecer tanto entre os amigos e compañeiros da universidade, como en xeral entre o público compostelán, por iso tiña razón Xaquín Pesqueira cando escribía en 1926, que "como estudante, Castelao ha deixado en Santiago fama para veinte años..." (11).

Primeiras obras coñecidas

Non sabemos como serían as caricaturas dos catedráticos de Medicina loubadas polos que tiveron a sorte de velas, nen tampouco -aunque poida habelas- as dos compañeiros de carreira, tan interesantes como as anteriores. En troques quedounos un varil *Album de auto-caricaturas*, -no que xa se deixa notar un certo aire modernista que se poñerá de manifesto despóis nos debuxos de *El Barbero Municipal*-, no que o artista se retratou a se mesmo en distintas poses, as máis relacionadas co mundo estudantil no que estaba mergullado: pintando, "haciendo música" (tocando o acordeón), "cando me sinto gitano" (tanxendo a guitarra española), examinándose, acendendo o cigarro nunha das farolas de gas do alumado público que por aquela había na cidade e, por último, dormindo. Apesares da calidade artística e importancia dentro desta xeira da arte, tanto para a biografía do autor como para a historia da caricatura en xeral, e galega en particular, remaneceron inéditas ata o ano 1976 en que as publicou a revista *Grial* (número 53), polo que non se poden inserar no apartado das obras que foron dadas a coñecer en vida do artista.

¿Cando as faría? Non hai dúbida que tivo que ser durante a tempada universitaria, entre 1903 e 1908, e dentro destes cinco anos en particular nos últimos, pois a súa calidade amósanos que o autor contaba cun dominio perfecto do debuxo (tanto da liña coma do claro-escuro), que tan só se acada practicando e es-

(9) *Castelao*, Ourense, 1970.

(10) "O compostelanismo de Castelao", *Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 357, p. 97.

(11) Art. cit.

tudando detidamente ó persoaxe que neste caso é el mesmo. Asina co apelido materno (12).

Ademáis dos debuxos a lápiz ou tinta, empeza a empregar-la acuarela (*Juerga flamenca e Paisaxe con castelo*, 1905, no primeiro asina "Daniel Rodríguez C.", e no segundo só "Daniel"); e o óleo (*O faetón de Rianxo a Santiago*, 1908). Neste intre interésanos o último. Consta de dous cadros de boas proporcións, nos que se representa o "ambiente" interior do faetón ou carro de cabalos que comunicaba a súa vila natal con Santiago, no que debeu ir e vir moitas veces. Apesares do aire primeirizo que se descobre ó pouco de ollalos e de que descoñecemos a identidade dos caricaturizados -é de supoñer que nese tempo fosen moi populares-, non por iso deixan de ser interesantes e dignos dun estudo polo miúdo dentro do conxunto da súa produción dos anos mozos, na liña estilística decimonónica: as dúas parellas de "indianos" ou "señoritos", o borracho de fazulas coloradas como mazáns ben maduras, o mariñeiro, o crego (cicais D. Xosé Magariños, o que lle impuxo o nome de Afonso), a parella de labregos e por último o pícaro.

Fóra da nosa xeira queda o retrato a óleo do seu pai, Mariano Rodríguez Dios, pintado en 1909.

Moito máis importante e coñecida é a *Procesión do Patronato* datada en 1908, da que se conservan varias copias (13), aínda que polo de agora tan só podemos ollar unha que, de guiarse pola sinatura, non é obra orixinal, senón copia de *Concheiro* do ano 1924. Coidamos que este *Concheiro* non sexa outro que o pintor coruñés Xesús González Concheiro (1897-1955). Non podemos, pois, saber ata que punto o copista se cinguiu ó modelo, aunque supoñemos que o fixese, dado que a obra conserva tódalas características castelaoniás.

Trátase dunha augada que mide 245 cm. de longo por 72 cm. de ancho, na que se representa unha procesión relixiosa polas rúas de Compostela que saía a tardiña do 27 de xullo. Este tema -segundo de lonxe as "procesións" satíricas político-relixiosas dalgunhas publicacións do século pasado (14)-, deulle pé ó artista para caricaturizar a tódolos persoeiros da cidade, dende as autoridades civís, ata as xerarquías relixiosas, sen faltar tampouco a súa no medio da comitiva levando o estandarte, sobranceando por encima dos demais porque, como escribía poucos anos despóis (en 1918) o crítico de arte José Francés, "Alfonso Castela es un hombre alto y flaco. Demasiado desgarbadamente flaco y alto. Seco, cetrino, mueve las piernas y los brazos como esos gigantes y esos árboles humanizados con que glosa Arturo Rackman los cuentos brujos..." (15). Segue o modelo das do *Album de auto-caricaturas*, que son das mesmas datas. Nel están o arcebispo, algúns coengos, os catedráticos da universidade, varios políticos, a banda de música di-

(12) Estas autocaricaturas poideran formar parte do nunca publicado *Album de caricaturas*, que se anuncia no número 1 da revista ourensá *Mi Tierra*, xullo 1911.

(13) J.A. Durán, "Acontecimientos biográficos relevantes", *Castelao, 1886-1950*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986, p. 223.

(14) Como as publicadas en *La Flaca* (1869 e 72), *El Guirigay del 69* (1869), *El Loro* (1882 e 84), etc.

(15) "Un gran dibujante gallego", *La Esfera*, Madrid, 5-X-1918.

rixida por Francisco Martínez (do que publicara unha independente en *La Tribuna Literaria*, este mesmo ano de 1908), etc. Contan que o finado Don Fermín Bouza-Brey casi identificaba a todos, máis de medio cento. Anque se trata de unha obra xuvenil, non por iso deixa de revelar nítidamente a capacidade de síntese e de expresividade plástica de que gozaba o artista que estaba empezando, cualidades que había de amosar ó longo de toda a vida.

Pechamos esta serie de obras non publicadas no seu día cun lenzo de Valle-Inclán (de 48 cm. por 58 cm.), que se garda actualmente no mosteiro de Poio (Pontevedra), procedente do legado do crego ourensán Antonio Rey Soto, ó que está adicado: "Para mi entrañable Rey Soto. El autor". De igual xeito que a de *Galicia Moza* publicada neste mesmo an de 1909 (e da que logo falaremos), de par da caricatura ten o seguinte texto: "Ecce homo / vera efigie de Don Ramón María / del Valle-Inclán; / la pintó Castelao". Da caricaturesca fisonomía do literato sobresaen as longas e desleixadas barbas, os anteollos e o chapeo.

Caricaturas publicadas

Sen ter en conta aquelas obras que quedan fóra da nosa xeira, como poden ser -poñamos por caso- as da revista viguesa *Vida Gallega* (na que empezou gracias a Manuel Lustres Ribas (16)), a primeira caricatura que publicou o rianxeiro -mentres non se amostre o contrario- é a do director da banda de música compostelana, Francisco Martínez, que saeu no mes de setembro de 1908 na revista santiaguesa *La Tribuna Literaria*, segundo o doctor Ramón Baltar Domínguez, pois polo de agora non demos con ningún exemplar (17). Como era normal na moda caricaturesca do momento (herdada do século decimonónico), o persoaxe ten a cabeza moi grande se se compara co resto do corpo. Non hai dúbida que estamos ante unha obra de xuventude, que non por eso deixa de ser interesante. Asina: A. Rodrz. Castelao. Este mesmo músico figura na *Procesión en Santiago* ó fronte da banda municipal.

Do ano seguinte, 1909, hai polo menos tres sen conta-las autocaricaturas: dúas de *Galicia Moza* de Vilagarcía de Arousa, e unha de *Calínez* de Compostela.

Cronolóxicamente a primeira é a de Ramón del Valle-Inclán, un dos seus modelos preferidos. O mesmo que a que fixo ó óleo que se conserva no mosteiro de Poio, ó seu carón ten este texto: "Vera effigies de Don Ramón del Valle Inclán la pintó Castelao..." O varil escritor está representado coa súa longa barba -como era de esperar- e cos anteollos redondos. Segundo parece, nesta época debía te-lo cabelo curto. O debuxo é sinxelo, pero moi expresivo, como o serán a partir de agora os máis de cantos faga. Anos despóis, o 5 de xullo de 1914, reproducíaa o xornal bonaerense *La Voz de Galicia*.

A outra é a do tamén literato Xavier Valcarce García, publicada primeiramente no devandito xornal vilagarcían e logo reproducida o mesmo que a anterior

(16) "Alfonso Castelao", *Céltiga*, Buenos Aires, 6-XII-1924.

(17) *Op. cit.*, pp. 56-57.

en *La Voz de Galicia*, o 10 de xaneiro de 1915. O malogrado escritor está de fronte, con traxe negro e chapeo. E, o mesmo que se de Hamlet se tratase, sostén unha caveira na man que poidera pertencer ó morto que está por detrás.

Destá xuvenil empresa xornalística que foi *Galicia Moza*, na que tanta ilusión puxeron algúns dos estudantes composteláns daquelas datas -como Castelao, por exemplo-, contaba en 1926 un deles, Manuel Lustres Rivas "La planta baja de aquella casona de la calle San Francisco, en donde se hilaron las pocas y estremecidas páginas de aquella revista "GALICIA MOZA" que sirvió de termómetro para medir la fiebre creadora de media docena de rapaces atormentados por afanes de osada "avantgarde" mucho antes de que esta palabra surgiese al léxico... (18)".

Na mesma liña estilística atópase a de Emilio Panceira Sosa, de Santiago de Compostela, dada a coñecer en *Calínez*, (3 de xullo de 1909), publicación que o mesmo que *Galicia Moza* tivo que ser impresa en Vilagarcía de Arousa, coidamos que por non atreverse os impresores composteláns dada a súa liña crítica. Neste caso, igual que os colaboradores literarios, Castelao fixo uso do seudónimo "Z", que é o único que temos rexistrado como artista plástico, anque como literato tamén usaría durante a tempada rianxeira de *El Barbero Municipal* o de "Miquis", co que asinaba a sección "Guisados de mostaza". Aínda que foi ignorada ata agora, non hai dúbida de que se trata dunha obra súa, pois un lixeiro exame estilístico chega dabondo para que axiña se descubran elementos que se repiten noutros debuxos dos mesmos anos, como pode ser -poñamos por caso-, a man que terma do caxato, que é semellante a do "conto das fresas" publicado en *Vida Gallega* en febreiro de 1909, en particular a da muller. Ou con un pequeno estudo caligráfico comparativo dos textos, logo se atopan letras iguais ás que figuran noutras obras. Coidamos que tamén poidera ser da súa autoría a cabeceira da publicación (19).

O 7 de agosto deste mesmo ano de 1909 -o máis froitífero na xeira da arte de toda a etapa compostelana-, sae a primeira colaboración americana na revista *Galicia* da Habana (20). Trátase da caricatura do director do xornal santiagués *Gaceta de Galicia*, Antonio Fernández Tafall. Así é como figura na devandita publicación, pero ó descubrir non hai moito a obra orixinal atopámonos con que nela consta do puño e letra do artista: "D. Angel Gil Casares". ¿De cal dos dous é?, particularmente cremos que o que está ben é o texto da publicación habaneira e non a nota manuscrita, como pasa -por mencioar outro caso semellante- coa xeneral Lerones que se garda no Museo de Pontevedra, que debaixo di que é o alcalde Pedro Martínez Casal, cando sabemos de certo que pertence ó dito militar, xa que non e máis que o apunte da que saíra o 10 de xullo de 1924 no xornal *Galicia* de Vigo (21).

Tamén é en 1909 cando ilustra na colección madrileña *El Cuento Semanal* o tiduado "Princesa del amor hermoso" da escritora galega Sofía Casanova. Na

(18) "Del modernismo artístico a la literatura", *Faro de Vigo*, 21-III-1926.

(19) Cfr. Clodio González Pérez, *Castelao: caricaturas e autocaricaturas*, p. 24. Tamén do mesmo autor, "Un seudónimo de Castelao", *Faro de Vigo*, 26-VII-1986.

(20) Xosé Neira Vilas, *Castelao en Cuba*, Ed. do Castro, Sada, 1983, p. 16.

(21) Clodio González Pérez, *op. cit.*, pp. 140-141.

capa reproduce a figura da protagonista, que non vén a ser máis que a caricatura estilizada da autora como é doado amosar se a comparamos coa que publicaría anos despois, o 14 de xuño de 1914, en *La Voz de Galicia* bonaerense. Por estas datas Castelao estaba cursando o doctorado en Madrid.

Foi nestes anos estudiantís composteláns cando deu a coñece-las primeiras autocaricaturas, das que faría moitas ó longo da vida, pois o rianxeiro debeu se-lo artista galego que máis veces se autocaricaturizou e autorretratou. Abren a xeira as do *Album de auto-caricaturas*, do que xa se falou, datables entre 1903 e 1908, que permaneceron inéditas ata 1976. Séguelle a publicada en xaneiro de 1909 en *Vida Gallega*, de par da reprodución dos dous debuxos "costumistas" que presentara no "II Salón de Humoristas" de Madrid, *La vuelta del "che"* e *Matando el tiempo*.

Neste caso, -como fixera no album xa mencionado e seguiría ó longo da vida- a característica máis sobranceira vai se-la estatura: alto e fraco, con longo gabán ou gabardina por enriba dos ombreiros e coas mans nos petos do pantalón. Cubre a cabeza con boina, ten bigote, anteollos e o cigarro nos beizos.

Por aquilo de buscar antecedentes e influencias, aunque con iso non queremos quitarlle mérito nin ás obras nin ó seu autor, coidamos que o modelo para esta autocaricatura non foi outro que un anuncio publicitario de "Forman" que se viña publicando dende o 18 de novembro de 1907 en *La Gaceta de Galicia*, de Santiago de Compostela, xornal ben coñecido tanto por Castelao como polos seus amigos, pois nel fixeron as primeiras incursións periodísticas algúns deles. Onde máis se semella é na longura das extremidades inferiores. Descartamos que sexa obra do rianxeiro por tratarse dun produto non galego que tiña a casa central en Madrid.

A segunda e última desta primeira etapa artística garda moita máis semellanza coas do *Album* que a anterior, en particular coa que está facendo o mesmo, é dicir, pintando. Saeu no bonaerense *Almanaque Gallego* de Castro López, en xaneiro de 1910, polo que é obra do ano anterior. O artista, como case sempre, destaca pola estatura: está sentado nun banquiño, apoiando nos xionllos a man esquerda coa que terma da paleta das cores e os pinceis, mentres que coa dereita pinta sobre un lenzo sostido no cabalete que ten endiante. No que se refire ás faccións, son case iguais ás da anterior, a non ser que esta vez está coa cabeza descuberta, -que por certo é ben cativiña se a comparamos co resto do corpo-, anteollos e longo bigote.

As dúas están asinadas só con *Castelao*.

Cabo

Anos despois, cando o seu nome xa sonaba dentro e fóra de Galicia, renegou destas obras xuvenís: "Na miña primeira mocidade, dina da "Casa da Troya", cand'a miña i-alma sufría de xarampón e non pensaba máis qu'en saír de tuno tocand'a guitarra pol-as rúas, fixen os primeiros dibuxos humorísticos n'unha revista pr'americanos. Acúsome de ser eu quen dou empezo a isas carantoñas porcas, a

ises monicreques noxentos, a ise humorismo de taberna que aínda oxe campa na mesma revista pra regalía dos licenciados de Universidade. Abafado de vergonza confésome culpable e renego da miña primeira mocidade..." (22).

Non fai falla dicir que Castelao estábase refirindo ós "contos gráficos" publicados en *Vida Gallega* o ano 1909, pois polo que toca á xeira da caricatura non tiña, nin moito menos, porque sentirse avergoñado dos felices anos composteláns, fundamentais para o posterior desenvolvemento do seu labor artístico.

Bibliografía

- Baltar Domínguez, Ramón: *Castelao ante la Medicina, la enfermedad y la muerte*, Bibliófilos Gallegos, Vigo, 1979.
- Boletín de la Real Academia Gallega*, número monográfico adicado a Castelao, 357, A Coruña, 1975.
- Durán, J.A.: *El primer Castelao. Bibliografía y antología rotas, (1910-1916)*, Siglo Veintiuno de España editores, Madrid, 1972.
- Durán, J.A. e outros: *Castelao, 1886-1950*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986.
- Fernán Pérez: "Castelao, médico y caricaturista", *España Médica*, Madrid, IV-1912.
- González Pérez, Clodio: *Castelao: caricaturas e autocaricaturas*, Ed. do Castro, Sada, 1986.
- : "Un seudónimo de Castelao", *Faro de Vigo*, 26-VII-1986.
- Lustre Rivas, Manuel: "Los que triunfan: Alfonso Rodríguez Castelao", *Vida Gallega*, 1, I-1909.
- : "Alfonso Castelao", *Céltiga*, Buenos Aires, 6, XII-1924.
- : "Del modernismo artístico a la literatura", *Faro de Vigo*, 21-III-1926.
- Lavi: "Castelao", *El Barbero Municipal*, Rianxo, 89, III-1912.
- Núñez Búa, Xosé: *Vida e paixón de Castelao*, Ed. do Castro, Sada, 1986 (primeira ed. *A Nosa Terra*, Buenos Aires, núm. 474, 25-VII-1950).
- Paz-Andrade, Valentín: *Castelao na luz e na sombra*, Ed. do Castro, Sada, 1982.
- Pesqueira, Joaquín: "Castelao y el humorismo 'gallego'", *Faro de Vigo*, 16-V-1926.
- Seoane, Luis: *Castelao artista*, Ed. do Castro, Sada, 1984 (primeira ed. Editorial Alborada, Buenos Aires, 1969).
- Valcarce, Javier: "Retratos y semblanzas: Alfonso Rodríguez Castelao", *Galicia*, Madrid, 61, 1-II-1909.

(22) *Humorismo, Dibujo humorístico, Caricatura, conferencia, marzo 1920*, Real Academia Gallega, A Coruña, 1961, p. 25.




1. Capa do *Album de autocaricaturas*, entre 1903 e 1908.



2. *Procesión en Santiago* (pormenor). Castelao co estandarte, 1908.



3. O director da banda de música de Santiago, Francisco Martínez, 1908.



VERA · EFFIGIES
D · DON · RAMON
DL · VALLE · INCLAN
LA · PINTO · CA · J -
TELA O · · · · ·

4. Ramón del Valle-Inclán, *Galizia Moza*, 1909.



5. Xavier Valcarce García, *Galizia Moza*, 1909.



6. Emilio Painceira Sosa, *Calínez*, 1909, Asina "Zeta".

El Cuento Semanal



PRINCESA DEL AMOR HERMOSO

por
SOFIA CASANOVA

Ilustraciones de Castelar

30 céntimos

7. *El cuento semanal*: "Princesa del amor hermoso", de S. Casanova, 1909.




8. Antonio Fernández Tafall (?), *Galicia*, 1909. Segundo o orixinal, Angel Gil Casares.



9. Autocritadura, *Vida Gallega*, I-1909.



10. Autocritadura, *Almanaque Gallego*, 1910.



Cajita 75 cts.

Comprobado por las eminencias médicas y reconocido de eficacia específica.
Se emplea en forma de Algodón-Forman, metiendo taponcitos en las ventanas de la nariz.

De venta en todas las farmacias y centros específicos. Por mayor: Roder, Zorrilla, 23, Madrid.

11. Neste anuncio pódose inspirar Castela para as súas primeiras autocaricaturas, *Gaceta de Galicia*, 18-XI-1907.